

# 7OUT. XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

# CON DEREITOS E SEGURIDADE

UN NOVO CONTRATO SOCIAL  
PARA A RECUPERACIÓN  
EA RESILIENCIA  
• 7 OUTUBRO 2020 • XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE



■ Este 7 de outubro conmemórase a 13.<sup>a</sup> edición da **Xornada Mundial polo Traballo Decente (#XMTD20)**. Unha xornada reivindicativa e de mobilización, na que o sindicalismo internacional nos manifestamos para **reclamar traballo digno, con dereitos e seguridade, e un novo contrato social**.

■ Esta XMTD está marcada pola pandemia mundial da **COVID-19**, con terribles efectos sobre a saúde, a economía, o emprego, os ingresos e a igualdade de xénero, nun mundo xa fracturado polo falido modelo de globalización que perpetúa e aumenta a desigualdade e a inseguridade da clase traballadora.

## E POR UN NOVO CONTRATO SOCIAL

En multitude de países rompeuse o contrato social, deixando as traballadoras e traballadores en situación de extrema precariedade laboral, sen protección e sufrindo unha crecente desigualdade.

**No mundo, o 60% do traballo realizañase desde a economía informal e o 40% das traballadoras e traballadores na economía formal traballan de forma precaria.**

En moitos lugares, ademais, os Gobernos non están actuando adecuadamente fronte á COVID e as súas consecuencias para asegurar e protexer dereitos.

**«O traballo decente debe ser o centro das accións dos Gobernos para recuperar o crecemento económico e a construción dunha nova economía mundial que lles dea prioridade ás persoas»**



## REIVINDICACIÓNS DO MOVEMENTO SINDICAL INTERNACIONAL

Na liña que establecen a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas, en particular o ODS 8, o movemento sindical internacional instamos os Gobernos a incluíren nos seus plans de recuperación:

- Emprego, traballo seguro e protexido con dereitos e protección social.
- Salarios mínimos vitais.
- Protección social universal tamén para as traballadoras e traballadores na economía informal.
- Servizos públicos universais e de calidade na sanidade, a educación e os coidados.
- Igualdade na participación económica das mulleres, todos os grupos raciais, migrantes e mocidade, e a súa protección fronte á discriminación.
- O dereito universal á liberdade sindical e a negociación colectiva.
- Garantías de saúde e seguridade no traballo.
- Transicións xustas respecto ao clima e a tecnoloxía.
- Apoio público ás empresas condicionado a:
  - o mantemento do emprego nas empresas,
  - a prohibición dos paraísos fiscais.
- Diálogo social e medidas de transición xustas acordadas coas traballadoras e traballadores e os seus sindicatos.
- Solidariedade mundial para asegurar que os países vulnerables dispoñan da asistencia financeira directa que necesiten para dar forma a un mellor futuro para toda a súa cidadanía:
  - Extensión do alivio da débeda para os países más pobres e vulnerables de ata dous anos.
  - Un fondo mundial para a protección social, cunha garantía de cinco anos para os países más pobres.

**«Só así será posible recobrar a confianza na democracia e trazar o camiño cara a un novo contrato social»**

## POLO TRABALLO DECENTE

Os sindicatos representamos un papel esencial para que o **traballo decente**, con dereitos e seguridade, e o novo contrato social sexan unha realidade en todo o mundo. Para iso:

- 1** Debemos poder levar a cabo a nosa **acción sindical** en marcos onde se garanta a liberdade sindical, a afiliación e a creación de sindicatos, o dereito á negociación colectiva, a folga e a manifestación.
- 2** A **independencia e a democracia sindical** deben estar garantidas, sen inxerencias externas na actividade sindical.
- 3** A **negociación colectiva** é o instrumento que garante a mellora das condicións laborais, salariais, a redución de inequidades e da fenda dixital e a protección social, polo que debe ser protexida e garantida.
- 4** O **diálogo social** garante a participación dos traballadores e as traballadoras en temas de interese común relativos ás políticas económicas e sociais, e contribúe ao consenso, a implicación democrática e o bo goberno, a estabilidade social e laboral e impulsa o progreso económico.
- 5** Os e as sindicalistas deben poder exercer a súa actividade sen que a súa vida se poña en risco e **sen recibir coaccións nin ameazas**.



É imprescindible un novo contrato social para a recuperación dos efectos da pandemia, pero tamén para establecer unha economía próspera e sostible.»



## O novo contrato social debe garantir:

- O respeito dos dereitos e a promoción da igualdade entre homes e mulleres.
- Empregos decentes con salarios mínimos vitais e negociación colectiva.
- A protección social universal.
- A liberdade sindical.
- O diálogo social que asegure as medidas de transición xusta no ámbito climático e tecnolóxico.
- A dilixencia debida e rendición de contas que rexan as operacións empresariais.